Diagnose Inicial

ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS 2021 / 2022

Solidariedade Internacional de Galicia, **SIG**
Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social, **AGARESO**
Asemblea de Cooperación Pola Paz, **ACPP**

XUNTA DE GALICIA

cooperacióngalega

O Mundo que queremos

Estudo realizado por Wayna Consultora SL
Outubro / Decembro 2021

ÍNDICE

Páxina

1. DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN 2

2. METODOLOXÍA EMPREGADA..... 4

3. ANÁLISE DOS RESULTADOS 9

3.1. ÁMBITO DA INTERVENCIÓN: CENTROS EDUCATIVOS 9

3.2. POBOACIÓN PARTICIPANTE DIRECTA: O ALUMNADO 23

4. ANEXOS 40

1. DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN

O presente estudo enmárcase na novena edición do proxecto "*Activistas polo mundo que queremos*", executado polo consorcio formado polas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia (SIG), Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP); e financiado nun 95% pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia. Ademais de caracterizarse por implicar a un consorcio de tres ONGD, diferénciase por estar incluído na oferta de proxectos do *Plan Proxecta+* da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia. Nesta ocasión, a intervención está orientada a 400 rapaces e rapazas de centros educativos galegos e ao seu profesorado. Concretamente, durante o curso 2021-2022 participan un total de 6 centros educativos das catro provincias galegas, todos eles institutos de educación secundaria (IES) de titularidade pública. A participación segundo centros repártese do seguinte xeito, chegando a un total de 438 estudantes (53% son rapazas) e 37 docentes (73% mulleres):

1•► ***IES FONMIÑÁ***, de A Pastoriza (Lugo):
«{ 50 estudantes de 1º a 4º da ESO }»

2•► ***IES A PINGUELA***, de Monforte (Lugo):
«{ 50 estudantes de 3º da ESO e CGM Xestión administrativa }»

3•► ***IES LAURA OLMO***, de O Barco (Ourense):
«{ 65 estudantes de 3º da ESO e FP Básica de Vehículos e de Peiteado }»

4•► ***IES ALFONSO X O SABIO***, de Cambre (A Coruña):
«{ 122 estudantes de 3º da ESO }»

5•► ***IES PLURILINGÜE AQUIS CELENIS***, de Caldas (Pontevedra):
«{ 79 estudantes de 2º e 3º da ESO }»

6•► ***IES A CHAPELA***, de Redondela (Pontevedra):
«{ 72 estudantes de 2º ESO }»

Para este colectivo de poboación participante directa impleméntase un itinerario formativo orientado a contribuír ao logro do obxectivo específico do proxecto, isto é, o *"fomento dunha adolescencia e un profesorado galego consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e o apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social"*. Deste xeito, ábrese un proceso de acompañamento continuo ao longo do curso (presencial e virtualmente) para, desde unha perspectiva global, traballar en tres temáticas sociais (activismo feminista, activismo ambiental e activismo antirracista)

empregando como ferramenta metodolóxica fundamental a comunicación comunitaria e a radio.

Este itinerario ten como finalidade fomentar a reflexión do alumnado sobre a interdependencia global (creando vínculos entre as realidades locais e internacionais) e promover a implicación da mocidade na construción dun mundo máis xusto e solidario (promover o activismo entre as rapazas e rapaces). Ademais, incorpórase a formación e o acompañamento continuo ao profesorado participante ao longo da intervención para lograr deixar as capacidades instaladas nos centros en relación á introdución dos contidos de EDCG nas aulas de secundaria e FP.

Despois da experiencia do ano pasado, na que se optou por unha modalidade de ensinanza mixta debido á situación provocada pola COVID-19, nesta edición apóstase de novo por desenvolver as sesións formativas combinando a presencialidade e a virtualidade (empregando a plataforma de e-learning Moodle creada para o curso 2020-2021). Así, a viaxe metafórica cara ao mundo que queremos engloba un total de sete "paradas" (obradoiros), catro presenciais e tres virtuais, que quedan organizadas do seguinte modo:

1) *Que significa ser activista?* ***[PRESENCIAL]***

2) *Comunicación transformadora* ***[PRESENCIAL]***

3) *Elixe o teu activismo* ***[ONLINE]***

4) *O guión do programa de radio* ***[ONLINE]***

5) *Obradoiro de radio* ***[PRESENCIAL]***

6) *Coñecendo activistas do Sur* ***[ONLINE]***

7) *Visita das activistas do Sur* ***[PRESENCIAL]***

2. METODOLOXÍA EMPREGADA

Este estudo establece como **obxectivo xeral** a elaboración da Diagnose Inicial do proxecto *"Activistas polo mundo que queremos 2021-2022"*, presentando unha análise descritiva da realidade dos seis centros educativos participantes neste edición. A intención é que sexa unha ferramenta útil para que as entidades consorciadas poidan, na medida do posible, adaptar as accións planificadas na formulación do proxecto ás circunstancias e necesidades específicas da poboación participante directa. Tamén considérase finalidade deste estudo o facilitar e mellorar os resultados da avaliación final da intervención, ao contar con datos da situación previa que posibilitarán a súa comparanza cos resultados recompilados unha vez rematado o proxecto.

Este traballo realízase asumindo como procedementos básicos:

I. Un **proceso de comunicación fluída e de traballo coordinado** entre a empresa externa e as entidades consorciadas, sendo a técnica responsable da coordinación do proxecto a intermediaria directa. Cabe subliñar a indispensable labor desta técnica para facilitar o contacto cos centros educativos, sempre de forma resolutiva e áxil, e para favorecer o poder compartir a información máis relevante a ter en conta polo persoal das ONGD dun xeito directo e inmediato.

II. Como é habitual nestes estudos, o **emprego dun enfoque participativo** na elaboración da Diagnose Inicial. Así, foméntase a participación e implicación da diversidade de actores vinculados coa intervención, isto é, centros educativos (profesorado e alumnado) e ONGD consorciadas.

As técnicas empregadas para a recompilación de información primaria e secundaria combinan os enfoques cuantitativos e cualitativos para enriquecer e fortalecer os resultados do informe. Do mesmo xeito, combínase o emprego de ferramentas de traballo presencial e virtual, sendo as utilizadas as seguintes segundo o público obxectivo:

[1] ***A información aportada polo consorcio de ONGD, e a propia intervención, foi recompilada a través de dúas ferramentas:***

- ✓ ***A análise documental***. Como en todo estudo destas características, a revisión documental da información relacionada co proxecto é o paso básico. Así, analizouse: documento de formulación, avaliacións externas e diagnoses das edicións anteriores, o dossier de actividades deste curso e as memorias de

solicitude do Plan Proxecta elaboradas polos centros. Tamén se accedeu á web propia do proxecto.

- ✓ Unha ***entrevista en profundidade*** á persoa que coordina o proxecto en representación do consorcio de ONGD.

[2] ***A información aportada polo profesorado dos seis centros foi recollida nunha sesión de traballo conxunta*** de 90 minutos celebrada o 16 de outubro de 2021 en Santiago de Compostela. A esta sesión asistiu unha representación do profesorado de todos os centros participantes, en total 12 persoas (4 profesores e 8 profesoras).

A través de diferentes dinámicas recompilouse a información necesaria de cada un dos centros (motivación para participar e expectativas iniciais, iniciativas en marcha que poidan estar relacionadas, características ou necesidades específicas do seu alumnado, dispoñibilidade de recursos técnicos...).

[3] Para recoller a *información aportada polo alumnado deseñouse un cuestionario online con preguntas pechadas e abertas*. A finalidade desta enquisa é medir os seus coñecementos e actitudes en relación ás tres grandes áreas temáticas do proxecto: activismo ambiental, activismo feminista e activismo antirracista. Tamén se engade unha batería de preguntas pechadas e abertas para identificar o coñecemento previo do alumnado sobre a idea de "activismo"[1].

Por cuestións organizativas e para tratar de garantir unha mostra fiable e con posibilidades de contactar de novo no proceso avaliativo, acordouse escoller entre dúas e catro aulas por centro para participar na enquisa (cuestionario realizado de xeito virtual pero con conexión en directo coa empresa avaliadora). Foi o profesorado quen decidiu que grupos participarían atendendo a criterios loxísticos (cadrar horarios de materias, docentes e alumnado ou recursos técnicos das aulas), coa recomendación de que escolleran aulas diversas.

Finalmente, a enquisa baséase en 233 cuestionarios válidos (103 de homes, 121 de mulleres e 9 de persoas que non se identifican nin como home nin como muller). A distribución por centro queda do seguinte xeito[2]:

[1] No Anexo atópase o modelo de cuestionario realizado polo alumnado

[2] Na táboa 1 preséntase a composición da mostra detallada (desagregada por centro e xénero).

CENTRO	ALUMNADO PARTICIPANTE	CUESTIONARIOS REALIZADOS	AULAS PARTICIPANTES
IES A CHAPELA	72	45	2º ESO A, B e C
IES ALFONSO X O SABIO	122	35	3º ESO C e E
IES LAURA OLMO	65	30	3º ESO A / FPB Peiteado
IES PLURI. AQUIS CELENIS	79	78	3º ESO A, B e C / 2º ESO A
IES FONMIÑÁ	50	30	1º e 3º ESO
IES A PINGUELA	50	15	1º ESO A

Antes de rematar este apartado resulta pertinente mencionar que, nesta edición e por primeira vez no proxecto, o cuestionario para o alumnado mudou a variable sexo incluída tradicionalmente pasando de solicitarse *"sexo: home / muller"* a *"xénero: home / muller / outros (se non te identificas nin con home nin con muller)"*. Esta decisión foi consensuada polo consorcio de ONGD, así como a propia denominación da nova categoría a empregar.

Unha vez realizado o cuestionario, un 4% de alumnado etiquétase en "outros", o que en valores absolutos son 9 persoas de 233. Desde a nosa visión como empresa experta en investigación social, os resultados obtidos imposibilitan a realización da posterior análise desagregando as conclusións segundo xénero por varios motivos:

- ✓ **Descoñecemento do nivel de representatividade** da mostra para poder facer xeneralizacións do colectivo de alumnado non binario. Así como sabemos que o 53% do alumnado participante son mulleres (dato aportado polos centros educativos), e podemos deducir que unha mostra de estudantes cun 52% de mulleres é representativa, non existe a forma de coñecer a porcentaxe de alumnado participante non binario.
- ✓ Vinculado a isto, o propio **tamaño da mostra** (con tan só 9 respostas na categoría outros) dificulta o feito de establecer conclusións xerais xa que as respostas individuais de unha ou dúas persoas poden nesgar notablemente os resultados.
- ✓ Ademais, **analizando as respostas nalgúns ítems concretos percíbense indicios** de que algunhas das persoas que se identificaron como "outros" o fixeron sen sentilo realmente (serían persoas que se identifican como muller ou como home). Por exemplo, como se pode observar na táboa 2, o 44% do alumnado que considera que o seu xénero non é home nin muller opina que *"o xénero masculino e feminino é algo que non se pode cambiar, naces con el"* (cando a priori estas persoas entenderían a

construción social dos xéneros) ou o 33% cre que *"nos medios de comunicación non debe empregarse a linguaxe non sexista porque é moi repetitiva"* (cando estas persoas poderían sentir incomodidade co falso masculino xenérico ou mesmo co emprego de fórmulas duais na linguaxe que se baseen no binarismo). Estas porcentaxes representan a opinión de tres ou catro respostas, as cales poderían ser de persoas que realmente se identifican ou como home ou como muller.

Outro exemplo poderían ser os índices de coñecemento medio do alumnado no bloque temático "activismo feminista" segundo xénero (gráfico 4). Neste caso, o alumnado identificado como "outros" sitúase na peor das posicións en comparanza co alumnado home e co alumnado muller: cunha porcentaxe de resposta correcta igual que a dos homes (42%) e a porcentaxe de resposta incorrecta máis elevada (36%).

Con todo, cabe subliñar que tampouco temos a capacidade para determinar que respostas son reais e cales non para considerar, no proceso de cribado inicial, algún cuestionario como non válido.

- ✓ E admitir explicitamente esta incapacidade para determinar a veracidade nas respostas susténtase nun feito clave fundamental: **non existe nin a experiencia nin a traxectoria previa mínima suficiente** para realizar a análise estatística desagregada segundo esta nova categoría de xénero con mostras similares (nin maiores). Tras unha busca pormenorizada, non se atoparon referentes solventes que axuden a analizar con esta desagregación cuestións relacionadas con coñecementos, actitudes, valores ou comportamentos. Non se acharon estudos deste tipo nin de institucións públicas nin de entidades sociais. Polo contrario, se ben o debate está aberto actualmente a nivel estatal, a totalidade de administracións públicas continúan a tratar os datos desagregando os resultados por home – muller. Mentres que xa hai avances notables no conxunto do Estado no momento de incluír unha terceira categoría en formularios, na linguaxe..., na realización de estudos de investigación non se inclúe aínda esta variable[3].

[3] Por exemplo, a Univeridade de Oviedo aprobou este ano a súa "*Guía práctica de lenguaje inclusivo y con perspectiva de género"* na que se menciona a inclusión en impresos e cuestionarios oficiais o xénero 'non binario' (https://igualdad.uniovi.es/lenguajeinclusivo). Non obstante, a diagnose do seu Plan de Igualdade (realizada no mesmo ano) presenta os datos desagregados por homes e mulleres (https://igualdad.uniovi.es/plan).

A pesar do firme convencemento de todo o mencionado anteriormente, decídese tratar os datos e presentalos nas táboas e gráficos deste informe desagregados segundo as tres categorías de xénero establecidas inicialmente para visibilizar a cuestión e, sobre todo, para destacar a importancia de avanzar neste eido no futuro.

E precisamente en futuras investigacións, tendo en conta a experiencia actual, recoméndase modificar a denominación da nova categoría por "outro (especificar)", obrigando ás persoas a mencionar a súa identificación nunha resposta aberta (sen opcións múltiples preasignadas). A diversidade desta terceira categoría é moi ampla (transxénero, non binario, xénero fluído...) e o feito de que a persoa teña a capacidade de especificar o seu sentimento individual pode dotar aos resultados de certo nivel maior de fiabilidade (evitando, ao mesmo tempo, que alumnado binario escolla esta opción de xeito doado por broma ou burla).

Ademais, e en total sintonía co anterior, subliñar que para afrontar unha pregunta deste tipo nun cuestionario posiblemente exista unha falta de formación previa por parte do alumnado. Desde a nosa experiencia de traballo con adolescente, os conceptos que implica esta pregunta non poden considerarse, actualmente, un coñecemento xeral xa adquirido polo alumnado de secundaria.

3. ANÁLISE DOS RESULTADOS

3.1. ÁMBITO DA INTERVENCIÓN: CENTROS EDUCATIVOS

No curso 2021-2022 participan en *Activistas polo mundo que queremos* un total de 6 centros educativos das catro provincias galegas, todos eles institutos de educación secundaria (IES) de titularidade pública. Os centros participantes nesta edición son:

- ***IES Fonmiñá***, de A Pastoriza (Lugo)
- ***IES A Pinguela***, de Monforte (Lugo)
- ***IES Laura Olmo***, de O Barco (Ourense)
- ***IES Alfonso X O Sabio***, de Cambre (A Coruña)
- ***IES Plurilingüe Aquis Celenis***, de Caldas (Pontevedra)
- ***IES A Chapela***, de Redondela (Pontevedra)

A **motivación principal** que indica o profesorado para escoller este proxecto entre todo o catálogo do Plan Proxecta+ 2021-2022 apunta, maioritariamente, ao fomento do pensamento crítico entre o seu alumnado, así como da súa implicación e participación na sociedade. Mencionan como motivacións, por exemplo, *"mellorar a calidade humana"* das rapazas e rapaces, lograr que sexan conscientes de *"que poden mellorar o mundo"*, *"crear mocidade crítica"*, *"promover alumnado crítico (...) e consciente da súa responsabilidade como cidadán"* ou *"desenvolver un comportamento máis consciente e máis crítico co mundo no que viven"*. Un centro sinala tamén a necesidade concreta da súa zona de *"traballar a humanización (do alumnado), o consumo, a identidade,..."*. Polo tanto, a priori, as motivacións sinaladas polo profesorado gardan unha estreita relación cos propios obxectivos da intervención.

Durante a sesión de traballo conxunta co profesorado, e en relación á súa motivación, se lles solicitou que mencionaran que agardan lograr ao participar no proxecto. Concretamente se lles pediu que citasen aquelas cousas que, ao finalizar a intervención e segundo elas e eles, lles permitirían afirmar que o proxecto foi un éxito. En cinco dos seis centros céntranse na importancia de reforzar ese pensamento crítico e, ademais, que isto se traduza nalgún cambio manifesto nas condutas do alumnado (é dicir, falan de *"e que transcenda á súa contorna"*, *"cambiar para mellor a forma de pensar e actuar"*, *"que o leve a actuar desde a reflexión"* ou que *"asumise e naturalizase algunha das ideas traballadas"*). Tamén hai un centro que sinala, como factor de éxito, o feito de lograr rematar o proxecto

"coa participación de todo o alumnado e profesorado" inicialmente implicado e outro que apunta directamente á *"satisfacción en canto a adquisición de novos coñecementos sobre o mundo que queremos"* por parte tanto de alumnado como de profesorado.

Como esta sesión de traballo co profesorado realizouse unha vez finalizada a formación inicial, resulta interesante coñecer con que medos, incertezas ou dúbidas quedáronse de cara a actuar de xeito proactivo e prestar maior atención desde o proxecto a estes elementos. Neste caso, hai dous factores que son sinalados por todos os centros:

- ✓ A cuestión da coordinación xeral da implementación do proxecto (en todos os grupos) e, de xeito máis específico, a adecuación dos tempos.
- ✓ A capacidade real para lograr a implicación e interese do alumnado no proxecto (citando como medos: *"a falta de motivación do alumnado"*, *"ser capaces de motivar correctamente a rapaces e rapazas"*, *"danos medo que a rapazada non o tome en serio e non se implique"* ou *"a resposta dalgún alumno ou alumna"*).

Ademais en dous centros engaden como dúbida o feito de conseguir que todo o profesorado inicialmente implicado participe na totalidade do proxecto, sendo un medo a *"falta de participación do propio profesorado"*.

Para rematar este exercicio co profesorado solicitóuselles que, partindo dos medos ou incertezas que teñen, citasen as cousas que pensan que necesitarán do equipo técnico do proxecto para axudarlles na execución do mesmo. En relación co seu primeiro medo (dificultade na coordinación), demandan o acompañamento ao longo do proxecto e o apoio na coordinación e orientación no reparto de tarefas nos propios centros. Outras demandas tamén poderían estar vinculadas con estas cuestións como: a resolución de dúbidas que poidan xurdir durante o curso tanto organizativas como de contidos (*"resolver cuestións que se poidan formular na aula, principalmente a nivel de contido específico da materia"*) ou a comunicación fluída e comprensión (entendida esta como *"ser flexibles coa temporalización das tarefas"*). Un dos centros menciona tamén como solicitude ao equipo do proxecto o feito de motivar ao alumnado nas aulas.

Nesta edición, ao realizarse de novo en modalidade mixta (con emprego da aula virtual do proxecto) resulta relevante coñecer o equipamento técnico dos centros para desenvolver de xeito adecuado as sesións virtuais. Por elo entregóuselle ao profesorado de cada centro unha breve ficha a encher con esta información. A continuación preséntase o resumo de cada un dos seis centros, sendo dous aos que haberá que prestar unha especial atención por non

contar todas as aulas participantes con portátil individual para o seu alumnado: o IES Laura Olmo e o IES A Pinguela.

- IES LAURA OLMO -

WIFI:	SI
CALIDADE WIFI:	BAIXA

AULAS CON EQUIPO POR ESTUDANTE			AULAS SEN EQUIPO POR ESTUDANTE	
CURSO	**ALUMNADO**	**CONECTAR Á VEZ**	**CURSO**	**ALUMNADO**
Ningunha aula dispoñe de PC por estudante.			3ºA	24
			3ºB	25
			FPB 1º Perruq	8 ou 9
			FPB 2º Autom	6

AULA DE INFORMÁTICA:

Tres aulas con:

· 20 postos, con boa calidade de conexión, sen problemas todos os equipos á vez.
· 24 postos, con boa calidade de conexión, sen problemas todos os equipos á vez.
· 20 postos, non é doado conectar todos os equipos á vez, satúrase a conexión.

Bastante dispoñibilidade horaria para cadrar as sesións en todas elas.

OBSERVACIÓNS:

- IES A CHAPELA -

WIFI:	SI
CALIDADE WIFI:	ALTA

AULAS CON EQUIPO POR ESTUDANTE			AULAS SEN EQUIPO POR ESTUDANTE	
CURSO	**ALUMNADO**	**CONECTAR Á VEZ**	**CURSO**	**ALUMNADO**
2ºA	19	si	*Ningunha.*	
2ºB	19	si		
2ºC	17	si		

AULA DE INFORMÁTICA:

Non é preciso, todas as aulas participan en Edixgal e desde o inicio do curso están funcionando os portátiles e a conexión wifi correctamente.

OBSERVACIÓNS:

- IES ALFONSO X O SABIO -

WIFI:	SI
CALIDADE WIFI:	MEDIA

AULAS CON EQUIPO POR ESTUDANTE			AULAS SEN EQUIPO POR ESTUDANTE	
Nº	**ALUMNADO**	**CONECTAR Á VEZ**	**CURSO**	**ALUMNADO**
6 aulas de 3ºESO	122	si	*Ningunha.*	

AULA DE INFORMÁTICA:

Hai 2 aulas con boa calidade de conexión, sen problemas todos os equipos á vez, pero sería difícil cadrar horarios.
De todos os xeito, non é necesario porque todas as aulas participan en Edixgal.

OBSERVACIÓNS:

Ás veces a Internet cáese.

- IES FONMIÑÁ -

WIFI:	SI
CALIDADE WIFI:	MEDIA

AULAS CON EQUIPO POR ESTUDANTE			AULAS SEN EQUIPO POR ESTUDANTE	
CURSO	**ALUMNADO**	**CONECTAR Á VEZ**	**CURSO**	**ALUMNADO**
1ºA	15	si	*Ningunha.*	
2ºA	11	si		
3ºA	16	si		
4ªA	8	si		

AULA DE INFORMÁTICA:

Unha aula con 10 postos (por COVID), con boa calidade de conexión. Está reservada para impartir a materia de TIC (4º ESO), no resto de horario estaría dispoñible.

OBSERVACIÓNS:

- IES A PINGUELA -

WIFI:	SI
CALIDADE WIFI:	MEDIA

AULAS CON EQUIPO POR ESTUDANTE			AULAS SEN EQUIPO POR ESTUDANTE	
CURSO	**ALUMNADO**	**CONECTAR Á VEZ**	**CURSO**	**ALUMNADO**
CM Xestión 1º	8	*Si pero con problemas*		
CM Xestión 2º	10			

AULA DE INFORMÁTICA:

20 postos aproximadamente.

Calidade media de conexión (regular).

Hai unha boa dispoñibilidade horaria.

OBSERVACIÓNS:

O profesor entrevistado manifesta que non dispón de información sobre as aulas da ESO (sen equipos informáticos, matiza) nin da súa aula de informática.

- IES AQUIS CELENIS -

WIFI:	SI
CALIDADE WIFI:	MEDIA / ALTA

AULAS CON EQUIPO POR ESTUDANTE			AULAS SEN EQUIPO POR ESTUDANTE	
CURSO	**ALUMNADO**	**CONECTAR Á VEZ**	**CURSO**	**ALUMNADO**
2º ESO	28	si	*Ningunha.*	
3ºA-C	33	si		
3ºB	18	si		

AULA DE INFORMÁTICA:

OBSERVACIÓNS:

Nesta ocasión, a solicitude do consorcio de ONGD, solicitóuselle ao profesorado que realizasen unha breve descrición das aulas que participan no proxecto, tendo en conta os elementos que poden ser de interese para o equipo técnico de cara a preparar a impartición das sesións. A pesar de contar con profesorado de todos os centros, obviamente non había docentes que coñeceran todas as aulas, así que tan só realizaron este exercicio con respecto aos grupos de alumnado que realmente coñecen de xeito directo.

IES A PINGUELA
AULA: ***Ciclo Medio de Xestión Administrativa (1º)***
DESCRICIÓN: Grupo reducido (8 persoas), maioritariamente de zonas rurais. Obsérvanse dinámicas diferenciadas entre dous subgrupos (un de alumnado que ronda os 18 anos e outro de alumnado maior de 25 anos que compatibiliza os estudos co traballo). Teñen boa disposición para o traballo en equipo e non se detectan comportamentos que requiran necesidades específicas por parte do proxecto. Non obstante, cabe subliñar que *"cuestionados polo Plan Proxecta que van iniciar, si se detecta certo pesimismo"*.

IES A CHAPELA
AULA: ***2º ESO A***
DESCRICIÓN: Grupo heteroxéneo, que funciona ben en todas as actividades propostas e participativo na aula e na vida do centro (pertencen ao equipo de igualdade, clube de biblioteca, EDLG, radio...). Atendendo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE), hai estudante con TDAH e dislexia. Ademais, unha persoa pertence ao colectivo LGBTI. A súa titora implícase e preocúpase pola diversidade.
AULA: ***2º ESO B***
DESCRICIÓN: Tamén é un grupo que funciona ben nas actividades e que participa na aula e na vida do centro (pertencen ao equipo de igualdade, clube de biblioteca, EDLG, radio...). A súa titora está moi implicada coa igualdade. ACNEAE: unha persoa con TEA (Trastorno do Espectro Autista), TOC e AACC (Altas Capacidades) e outra con TDAH.
AULA: ***2º ESO C***
DESCRICIÓN: Este grupo funciona ben nas actividades pero é *"máis pasivo que os outros dous e en proporción menos participativo na vida do centro"*. O seu titor está implicado co medio ambiente e a igualdade.

IES LAURA OLMO

AULA: ***3º ESO A***

DESCRICIÓN:
Alumnado participativo e *"alegre"*, sen dinámicas de enfrontamento entre eles e elas. Alumnado *"curioso, gústalles debater e preguntar"*.
Identifícanse algunhas alumnas con *"problemas por exceso de perfeccionismo"* e outras *"con autoestima moi baixa"*.

AULA: ***3º ESO B***

DESCRICIÓN:
Participan en clase e gústanlle os debates.
Aula conformado por dous grupos con *"dificultades na relación entre ambos"*: a) alumnado con apoio en moitas materias, b) alumnado sen apoio.
Cabe mencionar que hai unha alumna afgá recentemente chegada que só fala persa e algunha palabra en inglés (pasa a maior parte do tempo fóra da aula).

AULA: ***FPB AUTOMOCIÓN***

DESCRICIÓN:
Grupo reducido (6), todos homes e a metade do rural. Un alumno marroquí *"que está totalmente integrado"*.
Alumnado de perfil moi baixo con moitas carencias académicas (comprensión, expresión...).
Son un grupo ao que lles gusta falar de diferentes temas, con comportamento *"rudo e machista pero bos de levar, con valores"*.

AULA: ***FPB PERRUQUERÍA***

DESCRICIÓN:
Alumnado de nivel académico (e económico) baixo. Hai dúas alumnas inmigrantes (de Siria e Marrocos).
(a este grupo non o coñece directamente o profesorado presente na sesión polo que non poden aportar máis información)

IES PLURI. AQUIS CELENIS

AULA: ***2º ESO***

DESCRICIÓN:
Grupo moi numeroso (28) na que aproximadamente a metade do alumnado esta moi concienciado co feminismo e a diversidade e a outra metade amosa *"bastantes prexuízos, algún en contra de maneira manifesta da igualdade"*.
Teñen experiencia previa na radio e en traballo en grupos pequenos (de 4 persoas). Non obstante, percíbese dificultade para respectar as quendas de palabra e *"hai un liderado moi marcado"* (nos debates).

AULA: ***3º ESO A***

DESCRICIÓN:
Tamén moi numero (33), incluíndo ao grupo de PMAR (10). Ao igual que o anterior, o alumnado divídese entre o máis concienciado e quen mantén prexuízos importantes. Ademais, *"senten que teñen moitas charlas de igualdade"*.
Non teñen experiencia previa de traballo na radio.

AULA: ***3º ESO B***

DESCRICIÓN:
Son 18 estudantes academicamente boas e bos, grupo participativo e que respecta as quendas de palabra. Pola contra, evidénciase unha *"falta de compromiso / activismo"*.

IES FONMIÑÁ
AULA: ***1º ESO***
DESCRICIÓN: Alumnado moi activo, motivado e participativo. Son lectores/as e gústanlles as actividades de creatividade. 3 persoas con Adaptacións Curriculares Significativas (ACS) e 1 emigrante (de Marrocos / Andalucía)
AULA: ***2º ESO***
DESCRICIÓN: Grupo heteroxéneo. 3 alumnas son moi participativas (lectoras, maduras e con iniciativa) e o resto *"máis pasotas"*. 1 persoa migrante.
AULA: ***3º ESO***
DESCRICIÓN: Tamén é un grupo heteroxéneo. Hai alumnado migrante cun coñecemento moi reducido do idioma. Percíbense algúns comentarios racistas contra migrantes. 1 persoa con ACS.
AULA: ***4º ESO***
DESCRICIÓN: Grupo moi pasivo con pouca motivación e interese.

IES ALFONSO X O SABIO
AULA: ***3º ESO A***
DESCRICIÓN: Grupo de 18 estudantes, con alumnado repetidor. Percíbese *"bastante diferenza académica entre dous grupos da aula"*. Baixa participación. Sinalar que *"a maioría comentou non ter na casa tablet ou ordenador"*.
AULA: ***3º ESO B***
DESCRICIÓN: 17 estudantes. Alumnado algo apático, cunha dinámica de traballo algo lenta. Semella un grupo desmotivado e con pouco interese cara a actividades extra-curriculares.
AULA: ***3º ESO C***
DESCRICIÓN: 15 estudantes e grupo de referencia de PMAR (7). Grupo *"moi falador, ás veces demasiado"*. Unha persoa con Adaptación Curricular Individualizada (ACI), que *"ten o currículo adaptado a nivel de primaria"*. Outra persoa con *"comportamento disruptivo en ocasións"*. A súa profesora de Valores participa no proxecto e traballará con grupo xunto. O alumnado de PMAR só ten a esta profesora que participe no proxecto.
AULA: ***3º ESO F***
DESCRICIÓN: 22 persoas, en xeral alumnado traballador e *"non falan moito en clase"*. Non hai ACNEAE. Unha persoa viviu previamente en Venezuela, Panamá e EEUU. Nalgunha conversa na clase sobre o consumo percíbese *"que máis de un ten interese excesivo por ir de compras"*.

Para rematar este apartado, solicitóuselle ao profesorado que proporcionara información relevante dos seus centros en xeral que poida ter vinculación coa execución do proxecto. A través da elaboración dun mapa mental recóllese información sobre outros proxectos nos que participen e que poidan estar relacionados con *Activistas polo mundo que queremos*, as dinámicas propias de coordinación entre o profesorado, as necesidades específicas que identifican para traballar ou afondar máis nalgunha temática ou os elementos a ter en conta por parte do equipo técnico antes de comezar a implementación.

IES A PINGUELA



É un instituto grande no que se imparte ESO e Bacharelato, FP Básica e Ciclos de diferentes ramas, así como FP dual (co cal ten réxime de persoas adultas con horario nocturno). Cada curso está situado nun edificio, sendo esta unha das dificultades que percibe o profesorado, é dicir, a escasa interrelación entre o profesorado de distintas zonas.

É un centro que pon en marcha numerosas actividades complementarias e extraescolares, algunhas delas inclúen visitas ao estranxeiro e intercambios con centros de fóra, polo que existe unha interacción con diferentes culturas e diferentes persoas.

A nivel alumnado tamén é bastante diverso: o alumnado de ESO e Bacharelato é preferentemente do núcleo urbano de Monforte, mentres que en ciclos percíbese unha presenza máis notable de núcleos rurais de preto de Monforte.

O profesorado entrevistado percibe que existen conflitos *"de tipo racista e demais temáticas"* (quizais máis nos ciclos de FP Básica).

IES A CHAPELA



O centro está conformado por: a) case 900 estudantes, a maioría de FP (procedentes de diferente lugares da provincia) e sobre 230 da ESO e Bacharelato (maioritariamente da zona); b) un claustro de 83 docentes e c) un persoal non docente (sobre 10 persoas) moi implicado nas actividades que se organizan. Ao final é un centro que *"parece moi grande pero é moi familiar, cun ambiente que funciona como unha familia"*, cunha Comisión de Festas moi implicada todo o ano (magosto, entroido,...). É un instituto no que *"a parte do activismo está xa un pouco presente"* (fixeron unha campaña de mobilización polo tema dos ruídos provocados pola AP-9 que pasa xusto ao lado, *"Pantallas acústicas, XA!"*).

O seu Plan de Igualdade ten dous anos e están a implementar varias accións. Creouse o Equipo de Igualdade e Diversidade e tamén a figura de "co-delegado" e "co-delegada" para traballar a corresponsabilidade (en lugar de *"ter delegado e subdelegada, temos co-delegado e co-delegada"*). Este ano organizan un curso de formación coas co-delegadas e co-delegados sobre igualdade para que sexan tamén as referentes desta materia nas aulas. Ademais, este ano impulsan a materia de Igualdade de Xénero como optativa en 1º da ESO... *"Así que neste plan de igualdade, Activistas polo mundo que queremos encaixa moi ben"*.

Tamén están a renovar o Plan de Convivencia *"porque estaba obsoleto"*. No marco dos contrato-programa solicitaron o de Iguálate e o de Convive e tamén están en varios Proxectas: Meteoescolas, 365 días Igualdade e un de sostibilidade.

Destacan como positivo o feito de que existe unha moi boa relación e coordinación co Concello de Redondela, de feito Redondela é "cidade amiga da infancia" (hai alumnado do centro que participa neste senso). Ademais, este ano comeza o Club de Biblioteca, o ano pasado comezou o equipo de radio, está o EDLG e un equipo de Igualdade e Diversidade.

IES LAURA OLMO

Instituto con ampla oferta formativa: FP básica e ciclos medios e un superior, ESO, Bacharelato, ESA e unha delegación da EOI.

Recoñécese que cada ano hai moita mobilidade entre o profesorado, sobre un 40% aproximadamente, pero hai un *"grupo de xente que levamos moitos anos traballando xuntos e funciona moi ben"*. Contan cun comité de benvida que acolle a todo o profesorado novo e o vai orientando cara aos diferentes proxectos do centro.

O alumnado maioritariamente é da vila, moi pouco rural, mais contan con moito alumnado emigrante (*"un grupo de Portugal que leva moitos anos xa alí e moitas persoas que chegan de América Latina, unha rapaza afgá e un rapaz de Malí"*).

En relación cos proxectos ou iniciativas en marcha que poidan vincularse a *Activistas polo mundo que queremos*, mencionan que teñen *"unha radio que nos pode axudar, un club de letras e un club de ciencias que tamén e un Proxecta sobre LGTBI"*. Ademais contan cunha biblioteca activa: lecturas temáticas, club de lectura ou a iniciativa *"atención, xente lendo!"* (consiste en ir aos espazos naturais da comarca camiñando para ler alí). Tamén participan no Voz Natura, o EDLG ten un proxecto que se chama *"coñece a túa contorna"* (que ten que ver coa natureza, a lingua,...) e teñen un horto ecolóxico.



IES PLURI. AQUIS CELENIS

Para describir o centro, o profesorado comeza por mencionar que *"está nunha contorna moi guay porque está na carballeira, cun río..."*. É un centro semi-urbano, no senso de que parte do seu alumnado vén dun territorio moi rural e parte provén da vila (*"unha mestura curiosa"*).

Son 374 estudantes, maioritariamente de Bacharelato (230), cun 35-40% de galegofalantes. O alumnado non se considera conflitivo pero *"si parten dalgúns estereotipos e prexuízos en moitas das temáticas que imos traballar este curso no proxecto"*. Contan con información dunha enquisa ampla sobre isto, realizada o curso pasado no marco do Plan de Igualdade, con datos sobre os grupos que este curso participan no proxecto (resultando útil revisar estes datos por parte do proxecto).



Teñen varias actividades extraescolares interesantes en marcha como o grupo LGBTI-Igualdade (*"que é bastante activo"*), a radio, o grupo de normalización lingüística ou o club de lectura.

En canto a proxectos en marcha, participan en 365 días Igualdade, Rapazas emprendedoras nas TIC, Vida saudable, un proxecto de innovación en dinamización da lingua galega e o proxecto StemBACH (bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía).

Tamén contan con 5 liñas de formación do profesorado (PFPP) nas que participa un 60-70% do claustro. *"Hai un grupo de profesorado que participa moito e en moitas cousas e outro grupo que queda un pouco máis marxinado en todo isto"*. Pero pode *"dicirse que é un claustro bastante activo e con moi boa convivencia"*.

IES ALFONSO X O SABIO



O centro está localizado nun barrio periférico de Cambre cun perfil socioeconómico medio-baixo, segundo o profesorado entrevistado. O funcionamento organízase ao redor de dous edificios: no principal está o alumnado de ESO e FP Básica e no outro está Bacharelato e os Ciclos. En total aglutina a 800 estudantes e 80 docentes.

Sinalan que non existe moita comunicación entre o profesorado (*"de feito a sala do profesorado está case sempre valeira... a vida faise nos Departamentos"*). E en relación co alumnado apuntan á importancia de traballar tres temáticas fundamentalmente, moi vinculadas a *Activistas polo mundo que queremos*: o discurso do odio (entendido como a *"naturalización do fascismo"*), o consumismo e a diversidade (LGTBI).

Outros programas ou proxectos que teñen en marcha serían: 3 programas ERASMUS (un de música, outro de diversidade), varios contratos-programas, o Club de ciencias, o Club de letras (que un é LGTBI), seccións bilingües, promoción de hábitos saudables, Eduemprende, Programa PROA e dinamización lingüística.

IES FONMIÑÁ



É un centro pequeno, totalmente rural e con moita dispersión. Son 50 rapaces e rapazas, *"sendo un grupo con moi pouca diversidade"* (tan só 3 persoas emigrantes). O profesorado manifesta que non percibe conflito directo, *"porque non hai conflito nin problemas de convivencia, pero si que hai alumnado que verbalizada o discurso contra a emigración"*.

Noutros cursos participaron en múltiples proxectos como o Iguálate ou varios Proxectas como o de Cidadanía Dixital, 365 días Igualdade, O Mundo Que Queremos,... E no plan de formación docente (PFPP) traballaron biblioteca e radio, montando a radio do centro.

Para este curso académico teñen solicitado o de Donas de si e Fotografía en curso. E no PFPP terán unha liña traballando Edixgal e outra co plan dixital. Tamén traballan con AGARESO nun proxecto de normalización lingüística. Sinalan que o centro da súa actividade é a biblioteca, contando cun Club de Lectura.

O Plan de Igualdade non está sendo implementado, aínda que si traballan moito sobre igualdade desde hai varios anos. Apuntan a que perciben que o seu alumnado ten interiozado o discurso politicamente correcto neste eido pero non así as actitudes, valores ou comportamentos (recoñecen que *"tamén hai alumnado que ten posicións moi encontradas e cuestionan abertamente o discurso feminista"*). Tiveron unha experiencia de realizar as formacións diferenciadas para os rapaces e as rapazas e percibiron que funcionou ben.

Por último, apuntan que o Concello está relativamente preto e conta cunhas instalacións que empregan habitualmente (salón de actos...).

3.2. POBOACIÓN PARTICIPANTE DIRECTA: ALUMNADO

Para abordar o punto de partida do alumnado participante en *"Activistas polo mundo que queremos"* en relación co coñecemento e coas actitudes emprégase un enfoque cuantitativo, deseñando un cuestionario online no que participaron 233 estudantes (52% rapazas) dos 6 centros participantes, o que representa o 53% do total do alumnado participante nesta edición.

Táboa 1. Composición da mostra de alumnado participante no cuestionario de diagnose segundo xénero e centro. Porcentaxe.

MOSTRA TOTAL	**233 CUESTIONARIOS VÁLIDOS**					
	HOME:	44%	**MULLER:**	52%	**OUTROS:**	4%
CENTRO:	***IES A Chapela***	***IES Alfonso X o Sabio***	***IES Laura Olmo***	***IES P. Aquis Celenis***	***IES Fonmiñá***	***IES A Pinguela***
% SOBRE O TOTAL	**19%**	**15%**	**13%**	**33%**	**13%**	**6%**
HOME	*40%*	*43%*	*23%*	*51%*	*57%*	*40%*
MULLER	*58%*	*49%*	*77%*	*45%*	*43%*	*47%*
OUTROS	*2%*	*9%*	*0%*	*4%*	*0%*	*13%*

Fonte: Elaboración propia.

O cuestionario está composto por tres bloques de preguntas:

a) o primeiro consta de 12 ítems de resposta dicotómica "certo/falso" relacionados coas tres temáticas fundamentais desta edición do proxecto (activismos feminista, medioambiental e antirracista),

b) o segundo son outros 12 ítems sobre as mesmas temáticas con resposta de escala numérica do 1 ao 5 (sendo 1 "non me sinto nada identificada" e 5 "síntome totalmente identificada"),

c) o último bloque está conformado por dúas preguntas abertas e tres pechadas de resposta dicotómica orientadas a identificar o coñecemento previo do alumnado sobre a idea de "activismo".

A información recompilada preséntase desagregada en tres subapartados, vinculados aos tres bloques do cuestionario: a) o coñecemento do alumnado, b) o grao de identificación en relación ás temáticas contempladas e c) a percepción que teñen sobre o activismo.

3.2.1. Coñecemento das temáticas

Preséntanse a continuación as respostas globais dun xeito visual para cada un dos doce ítems do primeiro bloque do cuestionario agrupadas segundo área temática (estes datos atópanse tamén recollidos integramente na táboa 2).

ACTIVISMO ANTIRRACISTA

1. A maioría de migrantes que chegan a España fano en caiuco, patera ou a pé (saltando os valos de Ceuta e Melilla)



2. En Galicia non existe o racismo



3. A maior parte das axudas sociais en España son para as persoas migrantes



4. Tan só as persoas doutras culturas poden ser activistas contra o racismo



Nesta temática destacan positivamente dous ítem (o segundo e o cuarto), mentres que os dous enunciados relacionados con bulos moi estendidos nas nosas sociedades, e directamente vinculados aos discursos do odio actuais, amosan uns resultados negativos: a) tan só o 12% do alumnado sinala que é falso que a maioría de migrantes que chegan ao España o fan en caiuco, patera ou a pé; e b) un 30% sabe que a maioría de axudas sociais en España non se conceden a persoas migrantes.

ACTIVISMO AMBIENTAL

5. Os países empobrecidos son os que maior contaminación ambiental producen



6. O cambio climático afecta aos procesos migratorios mundiais



7. En Galicia aumentou o consumo da auga embotellada porque é máis saudable



8. As nosas formas de consumir (mercar roupa, comida,...) non afectan ao medio ambiente



No eido ambiental, o alumnado amosa coñecer o vínculo entre as pautas de consumo e a destrución do medio ambiente, así como a falsa crenza de que os países empobrecidos contaminan máis que os enriquecidos. Pola contra, maniféstase un descoñecemento elevado en canto á relación que existe entre o cambio climático e os procesos migratorios e en canto ao consumo de auga embotellada.

ACTIVISMO FEMINISTA

9. O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes



10. O xénero masculino e feminino é algo que non se pode cambiar, naces con el



11. A igualdade real de homes e mulleres xa está acadada en Galicia



12. Nos medios de comunicación non debe empregarse a linguaxe non sexista porque é moi repetitivo



Neste caso, percíbense uns niveis medios-altos en xeral agás no caso da linguaxe non sexista xa que tan só 3 de cada 10 estudantes amósase a favor de introducir esta linguaxe nos medios de comunicación.

Non obstante, destaca o feito de que case 1 de cada 4 estudantes cre que o feminismo busca a supremacía das mulleres sobre os homes, elemento moi vinculado tamén cos discursos do odio actuais que tachan ao movemento feminista de non procurar a igualdade. Tamén cabe subliñar que o 30% do alumnado manifesta non saber se a igualdade de xénero está acadada ou non en Galicia (e o 18% opina que si está acadada), con gran marxe de mellora para traballar contidos ao longo da intervención.

As respostas a estes doce ítems poden agruparse para obter unha visión global segundo área temática categorizando as respostas por correcta, incorrecta e descoñecemento manifesto (ver gráfico 1). Neste senso, a situación de partida media do alumnado nas tres áreas reflicte uns niveis de coñecemento intermedios xa que, aproximadamente, 5 de cada 10 estudantes selecciona a resposta correcta. Se ben destaca lixeiramente de xeito positivo o bloque de feminismo (3 puntos porcentuais por riba), isto débese as notables diferenzas segundo xénero nas respostas, como se analiza a continuación: sendo a posición moito máis favorable das rapazas a que aumenta a media.

Cabe subliñar a particularidade do descoñecemento manifesto, persoas que responden directamente "non sei" ás preguntas, xa que nese grupo atópase un abano de mellora potencial interesante (entre o 25% e o 31% segundo área, situándose sempre por riba da resposta incorrecta).

Gráfico 1. Coñecemento medio do alumnado en relación aos tres bloques temáticos abordados no proxecto. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Na táboa seguinte preséntanse as respostas a cada un dos enunciados desagregadas segundo xénero, información que tamén se pode agrupar para obter o punto de partida global por área temática desagregada por xénero (gráficos 2, 3 e 4).

Táboa 2. Percepción do alumnado en relación a varias afirmacións relacionadas coas tres temáticas do proxecto segundo xénero. Porcentaxe.

ENUNCIADO	MULLER			HOME			OUTROS			TOTAL		
	CERTO	*FALSO*	*NS*	*CERTO*	*FALSO*	*NS*	*CERTO*	*FALSO*	*NS*	*CERTO*	*FALSO*	*NS*
ACTIVISMO ANTIRRACISTA												
1. A maioría de migrantes que chegan a España fano en caiuco, patera ou a pé (saltando os valos de Ceuta e Melilla)	**50%**	**9%**	40%	**58%**	**15%**	27%	**56%**	**33%**	11%	54%	12%	33%
2. En Galicia non existe o racismo	**5%**	**90%**	5%	**13%**	**80%**	8%	**33%**	**67%**	0%	9%	85%	6%
3. A maior parte das axudas sociais en España son para as persoas migrantes	**28%**	**29%**	43%	**29%**	**31%**	40%	**11%**	**33%**	56%	28%	30%	42%
4. Tan só as persoas doutras culturas poden ser activistas contra o racismo	**6%**	**82%**	12%	**5%**	**73%**	22%	**11%**	**56%**	33%	6%	77%	18%
ACTIVISMO AMBIENTAL												
5. Os países empobrecidos son os que maior contaminación ambiental producen	**18%**	**63%**	19%	**22%**	**53%**	24%	**0%**	**100%**	0%	19%	60%	21%
6. O cambio climático afecta aos procesos migratorios mundiais	**40%**	**16%**	44%	**46%**	**22%**	32%	**67%**	**11%**	22%	44%	18%	38%
7. En Galicia aumentou o consumo da auga embotellada porque é máis saudable	**21%**	**19%**	60%	**20%**	**26%**	53%	**22%**	**11%**	67%	21%	22%	57%
8. As nosas formas de consumir (mercar roupa, comida,...) non afectan ao medio ambiente	**14%**	**78%**	8%	**13%**	**75%**	13%	**0%**	**100%**	0%	13%	77%	10%
ACTIVISMO FEMINISTA												
9. O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes	**11%**	**82%**	7%	**36%**	**50%**	15%	**33%**	**44%**	22%	23%	66%	11%
10. O xénero masculino e feminino é algo que non se pode cambiar, naces con el	**12%**	**80%**	7%	**28%**	**56%**	16%	**44%**	**56%**	0%	21%	69%	11%
11. A igualdade real de homes e mulleres xa está acadada en Galicia	**10%**	**64%**	26%	**26%**	**40%**	34%	**33%**	**44%**	22%	18%	52%	30%
12. Nos medios de comunicación non debe empregarse a linguaxe non sexista porque é moi repetitivo	**9%**	**36%**	55%	**29%**	**24%**	47%	**33%**	**22%**	44%	19%	30%	51%

Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 2. Coñecemento medio do alumnado no bloque temático "activismo antirracista" segundo xénero. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 3. Coñecemento medio do alumnado no bloque temático "activismo ambiental" segundo xénero. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 4. Coñecemento medio do alumnado no bloque temático "activismo feminista" segundo xénero. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Nos tres gráficos anteriores obsérvase un posicionamento inicial moi similar entre mulleres e homes na cuestión ambiental e antirracista, cun coñecemento lixeiramente mellor na segunda temática no caso das rapazas (pero sen valor estatístico significativo). Na cuestión do activismo feminista a diferenza si é notable. Como é costume neste tipo de estudos, son as rapazas as que manifestan un maior coñecemento inicial (así como valores a actitudes máis favorables) en relación á igualdade de xénero.

Nesta área destaca a diferenza de máis de 30 puntos porcentuais no enunciado *"o feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes"*, xa que tan só un 50% dos rapaces opina que isto é falso (fronte ao 82% das rapazas) e, ademais, un 36% deles pensa que iso é certo (fronte ao 11% delas). Cabe subliñar tamén que tan só o 4 de cada 10 rapaces pensan que a igualdade real de homes e mulleres aínda non está acadada en Galicia (ante o 64% de rapazas) e case 3 de cada 10 pensa que si existe igualdade real no ámbito galego (fronte ao 10% delas).

Polo tanto, o obxectivo da intervención debería enfocarse non só en promover o activismo feminista entre o conxunto do alumnado, senón tamén en mellorar especificamente o coñecemento e actitudes dos rapaces no eido da igualdade real de mulleres e homes.

Para rematar este apartado, recóllese a continuación o punto de partida global por área temática desagregada, neste caso, segundo centro educativo (gráficos 5, 6 e 7). Non obstante, é importante subliñar que a composición da mostra por centro é reducida e non equilibrada (con, por exemplo, 15 respostas do IES A Pinguela fronte ás 78 do IES P. Aquis Celenis), polo que os resultados deben de ser entendido de xeito orientativo.

Gráfico 5. Coñecemento medio do alumnado no bloque temático "activismo antirracista" segundo centro educativo. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 6. Coñecemento medio do alumnado no bloque temático "activismo ambiental" segundo centro educativo. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 7. Coñecemento medio do alumnado no bloque temático "activismo feminista" segundo centro educativo. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

En termos xerais percíbese certa similitude nos coñecementos de partida do alumnado segundo centro educativo, con pequenas diferenzas nalgunha das temáticas. Desde xeito, nas cuestións antirracistas destaca positivamente o IES Fonmiñá con un 57% de alumnado que identifica a resposta correcta fronte ao 47% do IES A Chapela e o IES A Pinguela. No eido ambiental, pola contra, o centro mellor situado é o IES A Pinguela (58%) fronte ao IES Laura Olmo cun 44%. Por último, no activismo feminista sobresaen o IES P. Aquis Celenis e o IES Laura Olmo, centros no que case 6 de cada 10 estudantes responden correctamente aos enunciados deste bloque.

Esta información, máis aló de resultar útil no momento de realizar a avaliación final (sempre que se manteña a mostra de alumnado), pode orientar lixeiramente a implementación das sesións nas aulas, podendo identificar que temas é máis necesario traballar nuns centros fronte a outros.

3.2.2. Identificación coas temáticas

Os doce ítems que conforman o segundo bloque do cuestionario poden agruparse para calcular os posicionamentos medios en cada un dos tres bloques temáticos. Para isto os datos son tratados para interpretar o senso (positivo ou negativo) de cada un dos enunciados e

poder transformalos nunha única escala do 1 ao 5 na que o 5 sería o posicionamento máis positivo posible. Deste xeito, o gráfico 8 presenta de forma visual a auto-identificación do alumnado segundo xénero en cada unha das temáticas abordadas durante a intervención.

Neste caso destaca positivamente o posicionamento do alumnado no eido do antirracismo cun nivel medio-alto de partida (3,9 na escala do 1 ao 5). Mentres que nas outras dúas temáticas o posicionamento do alumnado sitúase en niveis medios (3,6).

Segundo xénero, as rapazas sitúanse en termos xerais nun punto de partida levemente máis positivo que os rapaces en todos os bloques e, especialmente máis notable, no activismo feminista e antirracista (diferenza a favor delas de 0,5 puntos)

Gráfico 8. Posicionamento medio do alumnado en relación aos tres bloques temáticos abordados no proxecto segundo xénero, sendo 1 posicionamento totalmente negativo e 5 totalmente positivo.



Fonte: Elaboración propia.

Na táboa seguinte preséntanse os resultados para cada un dos enunciados deste segundo bloque, desagregando os datos segundo xénero.

Táboa 3. Valoración media da autoidentificación do alumnado nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "non me sinto nada identificada" e 5 "síntome totalmente identificada") segundo xénero.

ENUNCIADO	MEDIA			
	MULLER	*HOME*	*OUTROS*	***TOTAL***
ACTIVISMO ANTIRRACISTA				
1. En España xa non temos capacidade para atender a máis persoas refuxiadas	2,1	2,7	2,6	**2,4**
2. Vivir en contextos con persoas de diferentes culturas é algo enriquecedor, positivo	4,2	3,7	4,3	**3,9**
3. As persoas migrantes normalmente xeran maiores conflitos e problemas que as persoas nacidas en Galicia	1,9	2,6	2,0	**2,2**
4. As persoas dos países empobrecidos non poden ensinarme nada porque as nosas vidas son moi diferentes	1,7	1,9	1,8	**1,8**
ACTIVISMO AMBIENTAL				
5. Eu non podo facer nada en Galicia para mellorar o medio ambiente	1,9	2,2	2,4	**2,1**
6. Os problemas ambientais dos países empobrecidos a min non me afectan	2,5	2,9	2,4	**2,7**
7. Os meus hábitos de vida (ou estilo de vida) non afectan ao medio ambiente do mundo	2,3	2,4	2,0	**2,3**
8. Penso que practicamente todo o mundo ten acceso a auga potable	2,5	3,0	2,7	**2,7**
ACTIVISMO FEMINISTA				
9. Nós non podemos facer nada para mudar o sistema patriarcal	2,0	2,4	2,1	**2,2**
10. Son unha persoa feminista	3,8	2,6	2,0	**3,2**
11. O machismo só prexudica ás mulleres	3,0	2,7	1,8	**2,8**
12. A maioría de mulleres feministas son lesbianas	1,5	2,4	1,7	**1,9**

Fonte: Elaboración propia.

Destacan, no senso positivo, catro enunciados nos que o alumnado amosa unha mellor posición (dous do bloque antirracista en coherencia co gráfico anterior):

- ✓ *"4. As persoas dos países empobrecidos non poden ensinarme nada porque as nosas vidas son moi diferentes"*, cun posicionamento medio 1,8.
- ✓ *"12. A maioría de mulleres feministas son lesbianas"*, cun posicionamento medio 1,9.
- ✓ *"2. Vivir en contextos con persoas de diferentes culturas é algo enriquecedor, positivo"*, cun posicionamento medio de 3,9.
- ✓ *"5. Eu non podo facer nada en Galicia para mellorar o medio ambiente"*, cun posicionamento medio de 2,1.

En coherencia co presentado ata agora, os enunciados nos que se aprecia unha maior diferenza segundo xénero son dous do bloque de activismo feminista *("Son unha persoa feminista"* e *"A maioría de mulleres feministas son lesbianas"*, con 1,2 e 0,9 puntos de diferenza respectivamente a favor delas) e outros dous do bloque de activismo antirracista (*"As persoas migrantes normalmente xeran maiores conflitos e problemas que as persoas nacidas en Galicia"* e *"En España xa non temos capacidade para atender a máis persoas refuxiadas"*, con 0,7 e 0,6 puntos respectivamente tamén a favor delas).

A continuación preséntase os datos desagregados segundo centro educativo. Así, o gráfico 9 presenta de xeito visual a auto-identificación do alumnado segundo centro en cada unha das tres temáticas.

Gráfico 9. Posicionamento medio do alumnado en relación aos tres bloques temáticos abordados no proxecto segundo centro educativo, sendo 1 posicionamento totalmente negativo e 5 totalmente positivo.



Fonte: Elaboración propia.

Nesta ocasión é o IES A Pinguela o que sobresae significativamente (o mellor posicionado nos activismos antirracista e feminista), seguido polo IES Alfonso X O Sabio (quen ten a mellor situación de partida nos activismos antirracista e ambiental). No senso contrario está o IES Fonmiñá ao situarse nas posicións menos favorables de partida nas tres áreas temáticas.

3.2.3. Percepción sobre o activismo

O último bloque do cuestionario xira en torno ao concepto de activismo. A primeira das preguntas deste bloque é aberta e solicítalles unha definición breve do que entenden por persoa activista, cales serían as súas características e que temáticas abordan. Como se observa no gráfico seguinte, un 53% do alumnado aporta algunha definición máis ou menos acorde ao solicitado pero tan só o 38% é o que achega unha definición concreta do concepto. O 11% recolle definicións moi básicas ou abstractas (como, por exemplo, *"axudar ao mundo en distintos aspectos"*, "*que axuda aos demais"*, *"persoas que loitan por algo"* ou *"buscan un mundo máis xusto"*) e o 4% fan referencia na definición tan só aos activismos ambientais (por exemplo, *"alguén que defende o medio ambiente, que recicla..."*, *"quen loita polo medio ambiente"* ou *"persoa que axuda en casos medioambientais"*). Polo tanto, pode afirmarse que realmente son 4 de cada 10 estudantes quen ten unha idea máis ou menos clara do que son as persoas activistas. Neste grupo atópanse respostas máis sinxelas (por exemplo, *"é unha persoa que loita polos dereitos de todas as persoas"* ou *"unha persoa que fai o posible por cambiar o que non lle gusta, sobre o feminismo, racismo,..."*) pero tamén un número considerable de alumnado que detalla con precisión o que entende por activistas como pode ser: *"alguén que intenta mellorar o mundo cara a unha sociedade igualitaria, sostible e prometedora. Simplemente polo ben da humanidade"*, *"Unha persoa activista enténdoa como unha persoa que cando ve algo inxusto para ela ou algo que non lle parece ben, actúa para poder cambialo. Podes ser activista respecto ao cambio climático ou respecto á contaminación"*, *"penso que unha persoa activista é alguén que debate e loita por problemas que hai na sociedade, penso que serían persoas novas e con certo coñecemento polos temas que van tratar, os temas poden ser sociais, medio ambientais..."*, *"creo que é unha persoa que loita e enfrontase ás inxustizas"* ou "*penso que unha persoa activista o que quere é crear un mundo máis xusto e o que se soe facer é protestar, creo. Eu penso que se pode ser activista polo feminismo, pola aceptación do colectivo LGBTQ+, por un mundo sen racismo..."*).

Pola contra, un 47% do alumnado ou ben manifestan directamente que non sabe o que é o activismo, ou ben aporta algunha definición errónea ou demasiado ambigua (por exemplo, *"persoa que sempre esta a facer algo nunca esta quieto"*, *"eu entendo que é unha persoa activa, que sempre quere facer de todo"*, *"que ten unha vida moi activa"* ou *"persoas que teñen accións positivas"*)

Gráfico 10. Capacidade do alumnado de definir o concepto "persoa activista". Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Para complementar esta información inclúense tres preguntas pechadas de resposta dicotómica (si / non) vinculadas co activismo. No gráfico 11 preséntase a porcentaxe de alumnado que responde afirmativamente a estas preguntas segundo xénero.

Gráfico 11. Porcentaxe de resposta afirmativa (si) ás tres preguntas sobre activismo segundo xénero.



Fonte: Elaboración propia.

Nesta ocasión o dato máis relevante é que tan só o 38% do alumnado considérase a si mesma ou mesmo como unha persoa activista, mentres que a cifra ascende ao 66% ao preguntarlles se lles gustaría selo pero tan só o 34% sabería que facer para converterse en activista. Polo tanto, evidénciase unha oportunidade clara para a intervención xa que o interese do alumnado semella elevado e, realmente, amosan gran descoñecemento sobre os xeitos de participar activamente na sociedade.

Resulta salientable destacar o feito de que son as rapazas as máis implicadas neste eido e, ademais, con maior interese en desempeñar un rol activo (algo totalmente vinculado cos roles tradicionais que o sistema patriarcal asigna a rapazas e rapaces). Así, o 46% delas considérase activistas (fronte ao 30% deles) e ao 75% gustaríalle selo (fronte o 58% deles).

Ao alumnado que afirma que si sabe que facer para converterse en activista se lle solicita, nunha pregunta aberta, que cite algún exemplo e, neste senso, cabe subliñar tamén que se ben o 34% afirma que sabería que facer para converterse en activista, tan só o 26% amosa a capacidade real de mencionar exemplos prácticos de como facelo. Por elo, sería interesante proporcionar ás rapazas e aos rapaces opcións de accións que poidan pór en marcha, compartindo experiencias e boas prácticas neste senso.

No gráfico posterior preséntanse as respostas a esta última pregunta aberta categorizadas en cinco grupos. O 30% das persoas que amosan capacidade de citar exemplos de que facer para converterse en activista menciona cousas vinculadas a participar ou organizar manifestacións, folgas ou diferentes campañas (*"facer folgas, manifestacións"*, *"facer folgas contra o machismo"*, *"convocar unha manifestación con mulleres e a xente que se considere feminista"* ou *"ir a manifestacións e facer campañas, facer asociacións..."*). Pola súa banda, cabe subliñar que un 22% é capaz de sinalar accións sinxelas que realmente poden poñer en práctica na súa vida cotiá (*"facer vídeos e subilos ás redes protestando"*, *"en canto ao feminismo, visibilizar o movemento, se vemos a unha persoa machista pois falar con esa persoa e facerlle entender, asistir a marchas..."*, *"queixarme á dirección sobre algún comportamento racista, homófobo, machista, etc."*, *"dar a miña opinión ante situacións que parécenme moralmente incorrectas e mostrar a miña opinión sobre diferentes temas nas redes sociais para intentar concienciar á xente que o vexa"* ou *"eu creo que, cando vira algún tipo de ataque a algunha persoa, intentar evitalo e así..."*).

O 10% vincula o activismo de xeito directo e exclusivo coas ONG (*"falar coa miña profesora de xeografía para que me oriente a saber cales ONG son mellores e cales peores"*, *"axudar no voluntariado das ONG"* ou *"participando nunha ONG"*) e o 20% fai mención

exclusivamente ao eido ambiental (*"poderías facer accións para non contaminar o medio ambiente como tirar o lixo ao contedor, non gastar demasiada auga"*, *"reciclar, usar bus para ir dun lugar a outro, replantar árbores"* ou *"non tirar lixo ao mar"*). Por último, hai un 27% de alumnado que no momento de citar exemplos quédase nun ámbito moi abstracto e xenérico, sen chegar a concretar en accións reais a pór en marcha (*"mellorar o medio ambiente e axudar a persoas"*, *"axudar máis a outras persoas"* ou *"axudar nalgunhas causas"*).

Gráfico 12. Tipoloxía de exemplos citados polo alumnado para converterse en activista. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.
** Engloba exemplos relacionados con manifestacións, folgas, campañas ou participar en movementos.*
*** Refírese a exemplos relacionados con comportamentos ou accións individuais sinxelas e realistas para pór en práctica polo alumnado.*

4. ANEXO: MODELO DE CUESTIONARIO PARA ALUMNADO

CENTRO:
CURSO:
XÉNERO:

BLOQUE 1: DAS SEGUINTES AFIRMACIÓNS CALES PENSAS QUE SON CERTAS E CALES NON? (CERTO / FALSO / NON SEI)

1.1. ACTIVISMO AMBIENTAL

Os países empobrecidos son os que maior contaminación ambiental producen
As nosas formas de consumir (mercar roupa, comida,...) non afectan ao medio ambiente
O cambio climático afecta aos procesos migratorios mundiais
En Galicia aumentou o consumo da auga embotellada porque é máis saudable

1.2. ACTIVISMO FEMINISTA

O feminismo busca a supremacía das mulleres fronte aos homes
A igualdade real de homes e mulleres xa está acadada en Galicia
Nos medios de comunicación non debe empregarse a linguaxe non sexista porque é moi repetitivo
O xénero masculino e feminino é algo que non se pode cambiar, naces con el

1.3. ACTIVISMO ANTIRRACISTA

A maioría de migrantes que chegan a España fano en caiuco, patera ou a pé (saltando os valos de Ceuta e Melilla)
A maior parte das axudas sociais en España son para as persoas migrantes
En Galicia non existe o racismo
Tan só as persoas doutras culturas poden ser activistas contra o racismo

BLOQUE 2: VALORA OS SEGUINTES ENUNCIADOS EN FUNCIÓN DA TÚA IDENTIFICACIÓN CON ELES: (sendo 1 non me sinto nada identificada e 5 síntome totalmente identificada)

2.1. ACTIVISMO AMBIENTAL

Eu non podo facer nada en Galicia para mellorar o medio ambiente
Os problemas ambientais dos países empobrecidos a min non me afectan
Os meus hábitos de vida (ou estilo de vida) non afectan ao medio ambiente do mundo
Penso que practicamente todo o mundo ten acceso a auga potable

2.2. ACTIVISMO FEMINISTA

Nós non podemos facer nada para mudar o sistema patriarcal
Son unha persoa feminista
O machismo só prexudica ás mulleres
A maioría de mulleres feministas son lesbianas

2.3. ACTIVISMO ANTIRRACISTA

En España xa non temos capacidade para atender a máis persoas refuxiadas
Vivir en contextos con persoas de diferentes culturas é algo enriquecedor, positivo
As persoas migrantes normalmente xeran maiores conflitos e problemas que as persoas nacidas en Galicia
As persoas dos países empobrecidos non poden ensinarme nada porque as nosas vidas son moi diferentes

BLOQUE 3. PREGUNTA ABERTA: QUE ENTENDES POR PERSOA ACTIVISTA? CALES SERÍAN AS SÚAS CARACTERÍSTICAS? SOBRE QUE TEMÁTICAS PENSAS QUE SE PODER SER ACTIVISTA?

3.1. Considéraste unha persoa activista? (SI / NON)
3.2. Gustaríache ser unha persoa activista? (SI / NON)
3.3. Saberías que facer para converterte en activista? (SI / NON)
--> SI: "cita exemplos"